

CONVOCATORIA PARA A RENOVACIÓN E ACTUALIZACIÓN DO CATÁLOGO DE ACTIVIDADES PARA O PROGRAMA **LER CONTA MOITO 2017**

A Lei 17/2006, do 27 de decembro, do libro e da lectura de Galicia (DOG núm. 7, do 10.01.2007) ten entre outros como obxecto promover a extensión social da lectura e promover o libro e a lectura en galego. Deste xeito, establece no seu capítulo IV art. 22.2 o fomento da lectura nas bibliotecas e di que a Xunta de Galicia, en coordinación coas bibliotecas públicas, coas bibliotecas escolares e coas de interese público do país, elaborará programas de fomento da lectura, xa sexa para o conxunto da poboación ou dirixidos a sectores específicos desta.

A Lei 5/2012, de 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia (DOG núm. 122, do 27.06.2012), establece no artigo 20, que é función das bibliotecas públicas desenvolver actividades de creación ou difusión cultural e de promoción da lectura.

Deste modo a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Cultura, co fin de favorecer os hábitos lectores do conxunto da cidadanía, vai desenvolver ao longo do ano 2017 o programa LER CONTA MOITO na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia.

Con esta programación, a Xunta de Galicia pretende contribuír á promoción da lectura como un vehículo de enriquecemento e de aproveitamento persoal, para o que ofrece espazos de encontro para descubrir e compartir. LER CONTA MOITO ten como obxectivo animar á lectura a través do desenvolvemento de accións atractivas vinculadas aos intereses dos distintos colectivos, que faciliten o achegamento a ese mundo completo que poden atopar nos espazos bibliotecarios, tanto a través dos libros como a través dos materiais audiovisuais e informativos.

LER CONTA MOITO ofrecerá a través das bibliotecas públicas un conxunto de actividades para achegar a cidadanía á lectura e á información. O desenvolvemento destas actividades de dinamización no ámbito da biblioteca reforzan o seu carácter de espazo de relación, aberto e participativo, ao tempo que alentan a aprendizaxe e a descuberta de novos temas e reflexións a través dos recursos que estes centros públicos de lectura ofrecen.

Co fin de contar cun catálogo de actividades de dinamización da lectura para as bibliotecas que participan no programa, convócase a presentación de ofertas, de acordo coas seguintes bases:

Artigo 1. Obxecto da convocatoria

1.- O obxecto da convocatoria é a renovación e actualización do Catálogo de actividades para o programa LER CONTA MOITO 2017. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria fará unha selección das propostas de actividades de dinamización da lectura presentadas para formar parte do antedito catálogo.

Estas actividades poranse á disposición da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia como recurso para a elaboración da súa programación anual de difusión cultural e fomento da lectura.

2.- Para a dinamización do Catálogo é necesario a súa renovación e actualización coa incorporación de novas actividades e a exclusión doutras presentes no catálogo do programa Ler conta moito 2016.

2.1.-Quedan excluídas do catálogo as seguintes actividades (Anexo I):

- As que conmemoraban datas e efemérides que non están presentes no Calendario do Libro e da Lectura 2017

- As que non foron seleccionadas polas bibliotecas públicas participantes no programa Ler conta moito 2016

- As que as bibliotecas públicas participantes no programa valoraran cunha puntuación inferior a 37 puntos, respecto ao baremo establecido de 50 puntos para establecer a calidade e o número de veces que se realizou a actividade.

2.2.- Quedan incluídas no novo catálogo 2017, aquelas mellor valoradas polos profesionais das bibliotecas participantes no programa, con puntuación superior aos 37 puntos (Anexo II).

Artigo 2. Destinatarios da convocatoria

1.- Esta convocatoria vai dirixida ás **persoas físicas ou xurídicas** (profesionais autónomos, empresas, asociacións etc.) con experiencia na dinamización cultural, particularmente no ámbito do fomento do libro e da lectura, que queiran difundir e propoñer actividades de dinamización cultural e de animación á lectura entre as bibliotecas que conforman a Rede de bibliotecas públicas de Galicia, deseñadas de acordo cos obxectivos e requirimentos previstos nesta convocatoria.

Poderán presentar actividades:



- Os profesionais, empresas, entidades etc. que non estean representadas no catálogo 2017 (Anexo II)
- Os profesionais, empresas, entidades etc. que estean representadas con menos de 3 actividades poderán presentar actividades que conmemoren as novas efemérides do calendario do libro e da lectura 2017 (Anexo III)
- Os profesionais, empresas, entidades etc. que estean representadas, pero queiran actualizar as súas actividades cambiando a/as actuais por unha nova proposta (deberase indicar na ficha de solicitude cal/es se queren intercambiar).

Artigo 3. Presentación de solicitudes

- 1.- O prazo de presentación das solicitudes será de *15 días naturais*, contados a partir do día seguinte á publicación desta convocatoria (do 6 ao 20 de decembro de 2016).
- 2.- A presentación das solicitudes realizarase unicamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado accesible desde a páxina www.rbgalicia.xunta.gal, onde se atopa o modelo de solicitude.
- 3.- Información complementaria: na solicitude xuntarase a seguinte información preceptiva, que se achegará cubrindo o formulario electrónico establecido para tal uso.

1. Nome artístico ou nome
2. Nome da actividade
3. Categoría na que engloba a actividade
4. Público ao que vai dirixida
5. Duración da actividade e número de sesións
6. Prezo da actividade
7. Resumo: descrición detallada da actividade e do seu desenvolvemento
8. Necesidades técnicas: especificar necesidades coas que debe contar a biblioteca para poder realizar a actividade
9. Experiencia profesional en dinamización da lectura: breve resumo das actividades profesionais previas no campo da dinamización da lectura
10. Disponibilidade temporal e xeográfica
11. Tres fotografías de alta calidade en formato dixital.



4.- A solicitude de inclusión no catálogo presentarase unha soa vez. No caso de achegar varias propostas de actividades, é preciso presentar a información complementaria de cada unha delas.

5.- Desestimaranse automaticamente as solicitudes que non se axusten estritamente aos requisitos das epígrafes anteriores e os expedientes archivaranse sen máis trámite.

6.- Se a solicitude non reunise os datos de identificación ou algún dos extremos previstos no artigo 66 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, requiriráselle á entidade ou á persoa solicitante, de conformidade co establecido no artigo 68 da devandita lei, para que nun prazo de 10 días emende as faltas ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, se lle terá por desistido na súa petición, cos efectos previstos no artigo 21 da mesma lei.

Artigo 4. Características das actividades de dinamización a lectura

1.- As actividades dirixidas á promoción da lectura que se oferten deberán axustarse, preferentemente, a algunha das seguintes **categorías**:

a.- **Obradoiros creativos**: obradoiros de escritura, de banda deseñada, de audiovisual, de encadernación, de oralidade, de ilustración e calquera outros relacionados co ámbito da lectura e a escritura.

b.- **Narración oral**: contacontos, lecturas en voz alta, recitais poéticos, regueifas e similares.

c.- **Divulgación do coñecemento**: charlas sobre temas de actualidade, de divulgación científica, de interese social, encontros co autor, ciclos temáticos, actividades destinadas a dar a coñecer a actividade cultural e social da localidade e todas aquelas iniciativas cuxo obxectivo sexa a transmisión de coñecemento.

d.- **Audiovisual na biblioteca**: proxeccións, audicións, ciclos arredor do cine, linguaxes audiovisuais e calquera outra proposta que teña como obxectivo a divulgación da música, o cinema de ficción e documental ou animar á videocreación.

e.- **Actividades de dinamización con música, teatro e danza**: formatos de palabra en movemento para espertar a curiosidade pola lectura ou para achegarse aos autores, libros e temas de actualidade sobre os que explorar na biblioteca.

f.- **Exposicións:** mostras sobre temas de actualidade, obras, autores, ilustradores ou calquera outra de interese para os usuarios das bibliotecas.

g.- **Itinerarios guiados:** percorridos colectivos para descubrir, a pé, escenarios literarios e espazos históricos da localidade e promover un interese por afondar neles.

2.- As actividades propostas deberán delimitar os públicos ós que van dirixidas. Para isto establécense as seguintes opcións:

- Bebés: 0 a 3.
- Nenos e nenas (deberase especificar a faixa de idades principal)
- Mocidade
- Público adulto
- Colectivos con necesidades especiais (especificar cales).

3.- As actividades propostas poderán ser dunha sesión ou de desenvolvemento en varias sesións (por exemplo, os obradoiros, ciclos etc).

4.- Poderanse ofrecer propostas vinculadas ás datas culturais sinaladas no Calendario do libro e da lectura.

Artigo 5. Requisitos para a participación

1.- Todas as actividades ofertadas deben establecer relación directa e explícita cos fondos da biblioteca (libros, música, información na rede, publicacións periódicas, audiovisual, banda deseñada etc.), de maneira que se favoreza un interese posterior por estes fondos por parte dos participantes, ou que se lles facilite, de maneira lúdica e divertida, información sobre o uso da biblioteca.

2.- As actividades desenvolveranse en galego, segundo as normas ortográficas establecidas pola RAG.

3.- Os ofertantes deberán definir a proposta da súa actividade de acordo co esquema facilitado na solicitude, na que cómpre cubrir a totalidade dos requirimentos. Acompañarase dunha breve descrición da experiencia profesional no campo da dinamización da lectura.

4.- A proposta acompañarase de tres fotografías de alta calidade (en formato dixital) que ilustren a actividade, coa conformidade de cesión de dereitos para uso desas imaxes, que poderán empregarse para a difusión pública do programa por calquera canle ou medio de comunicación e información social.

5.- O proxecto descritivo da actividade deberá ir acompañado dun conxunto de propostas complementarias, sinxelas e sen custo, que poidan desenvolver as propias bibliotecas que as programen, para contribuír así a un maior aproveitamento desta: títulos de libros que poden estar vinculados á actividade, proposta de carteis ou formato informativo para crear unha expectativa sobre esa actividade, mostra de libros etc. así como algunha outra acción de reforzo con posterioridade á realización desta actividade.

Esta proposta xenérica, que se definirá na propia ficha de descrición da actividade, deberá concretarse no momento da realización coas persoas responsables de cada unha das bibliotecas que programen esa actividade, de acordo coas especificidades da biblioteca en cuestión.

6.- Límite no número de propostas de actividades:

Cada ofertante poderá presentar un máximo de dúas (2) ofertas para renovación e actualización do Catálogo.

7.- Límite económico das actividades:

O custo máximo de cada actividade non poderá exceder dos 500 € (impostos incluídos).

No caso das actividades desenvolvidas en varias sesións, o importe total respectará ese mesmo límite de 500 € (impostos incluídos). Na solicitude especificarase o custo total e o de cada sesión. No orzamento presentado entenderase que están incluídos todos os gastos derivados (desprazamentos, materiais empregados etc.).

Artigo 6. Comisión de Valoración

1.- As solicitudes e a documentación acreditativa serán examinadas e valoradas por unha comisión integrada polos seguintes membros:

- Presidente/a: a persoa responsable da Subdirección Xeral de Bibliotecas
- Secretario/a: un funcionario/a da Subdirección Xeral de Bibliotecas, que actuará de secretario/a, con voz pero sen voto.

Vogais:

- A persoa responsable do Servizo do Sistema de Bibliotecas
- 3 bibliotecarios/as da Rede de Bibliotecas de Galicia, designados pola Secretaría Xeral de Cultura.

A ausencia dalgún dos membros representativos da Administración será cuberta por algún dos seguintes suplentes:

- O responsable do Servizo do Sistema de Bibliotecas, que exercerá como presidente/a da comisión ante a ausencia do seu titular
- Un funcionario/a da Subdirección Xeral de Bibliotecas, que exercerá como secretario/a da comisión ante a ausencia do seu titular
- O responsable do Servizo da Biblioteca de Galicia, en substitución do responsable do Servizo do Sistema de Bibliotecas
- Outros 3 bibliotecarios/as da Rede de Bibliotecas de Galicia, que substituirán aos designados en primeiro lugar
- Un funcionario/a da Subdirección Xeral de Bibliotecas.

2.- A Comisión de Valoración poderá acordar a incorporación ás súas reunións de persoal de carácter técnico que contribúa a unha correcta valoración das propostas dos solicitantes ou a aclarar as dúbidas que lles poidan xurdir aos membros da antedita comisión. Este persoal actuará con voz, pero sen voto, nas reunións da citada comisión.

3.- A Comisión de Valoración ten atribuídas as seguintes funcións:

- Informar e valorar as solicitudes, de conformidade cos criterios de valoración establecidos nesta convocatoria.
- Proponer a incorporación ao Catálogo de actividades.

4.- A comisión quedará validamente constituída coa presenza do/a presidente/a, do/a secretario/a e da metade dos seus membros, conforme ao establecido no artigo 17.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e no artigo 19º.1 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral do sector público autonómico de Galicia (DOG núm. 251, do 31 de decembro de 2010).

No non previsto nesta convocatoria, o funcionamento da comisión axustarase ao réxime establecido no capítulo II do título II da devandita lei 30/1992 e no Título I, Capítulo I, Sección 3ª da Lei 16/2010.



Artigo 7. Criterios para a selección de actividades

1.- Calidade e orixinalidade da actividade propostas.

Valorarase de 0 a 30 puntos

- Orixinalidade e interese da proposta: actividades que sorprenden polo seu carácter pouco habitual, que son novidosas na súa categoría e idade, non se axustan ao acostumado.

Valorarase..... de 0 a 10 puntos

- Capacidade de asociar a lectura a valores actuais e positivos: propostas que promovan a igualdade, tolerancia, solidariedade e xustiza, a resolución pacífica de conflitos, a convivencia, os hábitos saudables, a sensibilidade cara á protección do medio natural, entre outros valores de similar natureza.

Valorarase..... de 0 a 10 puntos

- Capacidade para promover a interacción e participación do público: dinámicas variadas que favorezan e o animen a participar activamente.

Valorarase..... de 0 a 5 puntos

- Calidade da proposta visual e estética: Uso de imaxes que enriquezan a experiencia visual e afastada do convencional e dos debuxos habituais.

Valorarase..... de 0 a 5 puntos.

2.- Propostas complementarias para a biblioteca e relación cos fondos e servizos bibliotecarios.

Valorarase de 0 a 25 puntos (5 puntos por cada proposta que se entenda viable).

Actividade complementaria sinxela e sen custo que poida desenvolver a propia biblioteca e que teña unha relación directa coa actividade que se vai desenvolver e cos fundamentos do programa.

3.- Adecuación do custo ás características e necesidades da actividade proposta.

Valorarase..... de 0 a 25 puntos.



Terase en conta as características da proposta, en canto aos recursos humanos e materiais necesarios para a súa realización: actores, músicos, posta en escena, materiais achegados para a actividade etc.

4.- Actividades vinculadas ás datas culturais sinaladas no Calendario do libro e da lectura.

Valorarase..... con 16 puntos.

5.- Disponibilidade de contratación da actividade ao longo do ano e no ámbito da comunidade autónoma.

Valorarase..... de 0 a 4 puntos (1 punto por provincia e disponibilidade todo o ano).

6.- Desestimaranse todas aquelas propostas que non se axusten ao obxecto e requisitos descritos desta convocatoria.

7.- Para ser incorporado ao catálogo será preciso acadar una puntuación global mínima do 50% do resultado da suma das epígrafes.

Artigo 8. Resolución da convocatoria

1.- A Comisión de Valoración elevará o informe correspondente á persoa titular da Secretaría Xeral de Cultura, quen resolverá, por delegación do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, segundo o estipulado na disposición adicional da Orde de 25 de xaneiro de 2012, de delegación de competencias nos órganos superiores, directivos e periféricos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (DOG núm. 27, do 8 de febreiro). O citado informe expresará a relación de solicitantes para os que se propón a súa inserción no Catálogo e a relación de actividades seleccionadas para a renovación e actualización do Catálogo de actividades de dinamización da lectura do programa LER CONTA MOITO 2017.

2.- A resolución definitiva publicarase na páxina www.rbgalicia.xunta.gal, ademais das canles que determine a Secretaría Xeral de Cultura para a súa difusión.

3.- O prazo máximo para a resolución non poderá exceder de cinco meses, contados a partir do día seguinte a súa publicación.

4.- Contra os actos resolutivos que esgotan a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante a persoa titular da

Secretaría Xeral de Cultura, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da súa publicación, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben interpoñer directamente o recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Artigo 9. Publicación do Catálogo de actividades do programa Ler conta moito 2017

O catálogo do programa LER CONTA MOITO 2017 será publicado na páxina web da Secretaría Xeral de Cultura, www.cultura.xunta.gal, e na da Rede de Bibliotecas de Galicia, www.rbgalicia.xunta.gal, ademais das canles que determine a Secretaría Xeral de Cultura para a súa difusión.

Artigo 10. Obrigas dos integrantes do Catálogo

As persoas físicas ou xurídicas integrantes do Catálogo quedan obrigadas a:

- Manifestar expresamente a aceptación ou non da integración
- Facilitar toda a información que lles sexa requirida polos órganos de control da comunidade autónoma.

Artigo 12. Perda da condición de integrante do Catálogo

Calquera alteración dos datos que figuren no impreso de solicitude e calquera outro incumprimento das normas contidas nesta convocatoria terá como consecuencia a retirada do Catálogo, logo da audiencia da persoa interesada.

Artigo 13. Autorizacións e publicidade

1.- A presentación da solicitude para participar nesta convocatoria implica o coñecemento e a aceptación das bases que a regulan.

2.- As persoas interesadas autorizan a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para publicar os datos necesarios para confeccionar o Catálogo de actividades de dinamización da lectura do programa LER CONTA MOITO 2017.

Artigo 14. Datos de carácter persoal

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición, cuxo tratamento e publicación autorizan as persoas interesadas mediante a presentación



das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado «Ler conta moito» cuxo obxecto é xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas

interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral de Cultura. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Subdirección Xeral de Bibliotecas, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Cidade da Cultura, Monte Gaiás, s/n, 15707 Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico a subdireccion.bibliotecas@xunta.gal

Santiago de Compostela, 2 de decembro 2017

Anxo M. Lorenzo Suárez
Secretario xeral de Cultura